

ACTA DE COMPOSICION DO TRIBUNAL E CELEBRACION DA PRIMEIRA PROBA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA TEMPORAL (INTERINIDADE) DUN POSTO DE TITULADO EN TRABALLO SOCIAL E DA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO MUNICIPAL PARA AS COBERTURAS TEMPORAIS DO CITADO POSTO.

NA CASA DO CONCELLO DE TOMIÑO E SENDO AS 10 HORAS DO DIA 8 DE MARZO DE 2019 DE CONFORMIDADE COAS BASES E DEMAIS RESOLUCIÓNS RELATIVAS Á PRESENTE CONVOCATORIA, TEN LUGAR A CONSTITUCIÓN DO CORRESPONDENTE TRIBUNAL A FIN DE CELEBRAR A PRIMEIRA DAS PROBAS QUE CONFORMAN A CITADA SELECCION.

Composición do Tribunal Coordinadora Servizos Sociais:

Presidenta: Ana I. Morgadas Campo, Interventora do Concello de Tomiño

Vogais:

- 1.- Titular: María Jesús Lago Vilabora, Xefa Servizo Traballo Social EOXI.
2. Titular: Nuria Barcela Ledo, colexio de traballo social de Galicia, S.S. Comunitarios de Vigo
3. Titular: Ricardo Pernas Romani, tesoureiro do Concello de Tomiño
- 4.- Titular M^a del Carmen Fernández López, Técnico AEDL do Concello de Tomiño

Secretaria:

Titular: Catalina Echevarría Buades, Secretaria do Concello de Tomiño

Sendo a hora fixada na convocatoria, os/as aspirantes presentados/as, os/as cales aínda o tribunal non tiña procedido á súa identificación, comunican ao tribunal que non van a participar na celebración da proba, como mostra de disconformidade coa data da proba (8 de marzo), explicando o tribunal que a data non era a máis axeitada, pero os problemas de axenda do tribunal e sobre todo as familias en risco social que están pendentes de atender desde o Concello, fan necesario proceder á selección o mais rápido posible, non accedendo os/as aspirantes á celebración da proba, polo que a selección de referencia é declarada deserta pola unanimidade do tribunal.

Dáse por acabado o acto ás 13.30 horas estendéndose este acta que asinaron os asistentes e certifico.

O TRIBUNAL:

TOMIÑO, 8 DE MARZO DE 2019

A SECRETARIA:

